



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e dous de setembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o oito de setembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.605/09 de don Camilo Neira Picón

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de tellado colocando uralita e tella nunha superficie aproximada de 60 m² en planta, situada no num. 6 do lugar de Sarandón, en solo de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposi-



cións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento o imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (#45,68#)

2.2.- Instancia num. 1.625/09 de don Manuel Carpinteiro Carrillo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento , de aproximadamente 200 mts lineais, con postes e malla de arame e colocación de tubos na gábea para rampla de acceso, no lugar de Corbeixe, en solo rústico de especial protección de augas (R-5)


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en canto ó cerramento situarase a 6,00 mts de distancia do eixe dos viais municipais; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do PXOM, a altura máxima do zócalo opaco será de 1,00 mts e no caso de non ser de pedra irá revestido e pintado de xeito que quede perfectamente rematado, por encima do mesmo poderanse dispor elementos diáfanos ou vexetais ata unha altura máxima total de 1,80 mts. En canto ó canle axustarase ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas augas e non inferior a 400 mm de diámetro; deberase colocar unha arqueta de rexistro cada 6 mts, de ser o caso; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e sete euros con setenta e seis céntimos (#77,76#)

2.3.- Instancia num. 311/09 de don José Luís Nieto Castro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado en representación de CADELMER, C.B., e con domicilio no número 21 do lugar de Laraño (San Xián de Sales), expón que con data 20 de xuño de 2003 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de 3 vivendas unifamiliares en Calzande (San Xián de Sales), (licenza número 115/03), e que rematadas as obras en dúas delas e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización da vivendas ubicadas sobre das parcelas 2 e 3 do proxecto presentado.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada para as vivendas ubicadas nas parcelas 2 e 3 do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de douscen-



tos corenta euros (#240,00#) euros, que deberá ser ingresada nas arcas municipais, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún.

3.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva das obras incluídas no Plan Especial de Parques Infantís 2009

Con data vinte e cinco de agosto do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Construcciones Lemos Martínez, S.L, con NIF B-36.448.728 e domicilio social en San Salvador de Budiño -Porriño (Pontevedra) o contrato da obra de *Mellora e acondicionamento de parques infantís, incluída na 1ª fase do Plan Especial de Parques Infantís 2009 (código 09.3260.0023.0)* no prezo de setenta mil catrocentos un euros con vinte e tres céntimos (#70.401,23#) IVE incluído, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data vinte e seis de agosto

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente na *Mellora e acondicionamento de parques infantís, incluída na 1ª fase do Plan Especial de Parques Infantís 2009*, por procedemento negociado.

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 452-623 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a Construcciones Lemos Martínez, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Quinto.- De acordo co establecido nas bases reguladoras do citado plan, despois de realizar todas as actuacións proxectadas nos parques, deben cumprir estrictamente o indicado no Decreto 245/2003, do 24 de abril, pola que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como na Lei de accesibilidade 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. Asimesmo os paneis informativos que se coloquen nos parques deben axustarse ó indicado no citado Decreto 245/2003 e ó sinalado no apartado 2.1 da base 2 .

Séxto.- Dende o comezo das obras ata a súa recepción deberán colocar un cartel conforme ó modelo facilitado pola Deputación cos datos da obra, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de xullo do ano que andamos, pola que se aproba a oferta de emprego público do ano 2009, na que se inclúen as seguintes prazas:

Persoal funcionario

Escala de administración xeral. Subescala de auxiliar-administrativo grupo C2. Denominación: auxiliar administrativo (Sentenza 00226/2009) nº vacantes: 1



Persoal laboral:

Grupo III. Denominación: administrativo-encargado dos servizos de biblioteca e arquivo

Nº vacantes: 1

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de setembro do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición de legalidade respecto das actuacións consistentes na construción dun hórreo na parcela sita en Socastro -San Mamede, promovidas por don Juan Feijoo Fernández , acórdase denegar a licenza solicitada e requirir ó interesado para que proceda ó derrubamento do mesmo no prazo dun mes

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaseis de setembro do ano que andamos, pola que en relación co proceso selectivo dunha praza de técnico informático para a impartición de cursos de informática, publícase a lista definitiva de candidatos admitos, designanse os membros da mesa de selección e fíxase día, hora e lugar de celebración das probas

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data un de setembro do ano que andamos, pola que en relación co recurso de reposición interposto pola conceleira -voceira do BNG contra a contestación da Alcaldía relativa á solicitude de documentación, ratifícase o contido do escrito remitido pola Alcaldía

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de setembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición de legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais que se están a levar a cabo por don Manuel Carpinteiro no lugar de Afós, consistente na construción dun cerramento

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezoito de setembro do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas polos aspirantes e da proposta do Tribunal cualificador acórdase a contratación de dona Yolanda López Bouzón para a praza de técnico informático

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.- Outros asuntos

5.1- Proposta para a xestión de bancos de tempo

Dáse conta da proposta presentada pola empresa Andamiaxe Innova, S.L, con NIF B-70089891, e domicilio social en Rúa Estación nº 26- 15900 Padrón, para a xestión do banco de tempo do concello, cun orzamento de cinco mil catrocentos sesenta e nove euros con oitenta e tres céntimos (#5.469,83#) máis IVE, con cargo a unha subvención outorgada pola Consellería de Traballo e Benestar.



A Xunta de Goberno acorda aprobar a proposta e máis o orzamento presentado

5.2.- Escrito num. 1.332/09 da AA.VV de Vilanova

Dáse conta do citado escrito no que a AA.VV Picón de Vilanova solicita unha axuda económica para sufragar os gastos da organización da III Ruta Cabalar que se celebrou o pasado 23 de agosto

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos euros (#500,00#), debendo presentar facturas de gastos por importe de alomenos o dobre para o cobro da mesma.

Conclúe ó fio das vinte e tres horas

